



Cangas. 45x60cm. Impresión dixital sobre aluminio.



O Grove. 45x60cm. Impresión dixital sobre aluminio.

A MEMORIA ENLATADA

Na orixe deste proxecto atopamos a necesidade de rescatar unha parte da nosa historia e do noso patrimonio. É esa parte onde iniciamos o noso camiño como sociedade moderna e industrial. Recuperala a través do visor dunha cámara fotográfica pareceume a forma máis axeitada, por varios motivos.

En primeiro lugar, porque fotografar estas vellas fábricas supón un regreso aos inicios da historia fotográfica. O uso da cámara para a elaboración dun arquivo, a elección dunha temática que versa sobre a arquitectura, a exploración e os cambios sufridos no territorio, a utilización da imaxe fotográfica como unha tecnoloxía que nos permite ter unha visión pausada da “realidade” son cuestións inherentes ao medio fotográfico dende a súa orixe.

En segundo lugar, porque, curiosamente, a invención da fotografía e a da conserva hermética de peixe son practicamente coetáneas. E non acaban aquí os paralelismos; en ambos os casos obtemos produtos derivados dunha mecanización, pensados para prolongar a súa duración no tempo. Poderíamos chegar a definir a fotografía como un método de conserva de espazos, de persoas, de momentos; é unha especie de memoria en lata, máis aínda cando penso naquelas caixas de latón onde se gardaban as vellas fotografías familiares.

Presento, polo tanto, un proxecto que intenta ir máis aló do simplemente captado pola cámara. Non se trata da realización dun mero exercicio de arquivo. É unha reflexión acerca dos cambios experimentados na sociedade e no territorio. É devolverlles por un intre a estes edificios aquela importancia que algún día tiveron a través dunha mirada limpa e respectuosa. É unha forma de non esquecer, unha maneira de conservar a memoria.

Chas

DO 9 DE SETEMBRO AO 14 DE OUTUBRO DE 2011

Luns a venres de 19 a 21 h.
AULA DE CULTURA PONTE DE ROSAS
Avda. da Feira, 10
www.minhor.org
dirección@minhor.org
Gondomar

aula de
cultura



p
o
n
t
e

d
e

r
o
s
a
s



Caneliñas (Cee). 45x60 cm. Impresión dixital sobre aluminio.

Organizan



Colaboran



Chas

(Xosé Anxo Fontenla Chas)

Conservar a memoria